



Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA

Modelo MD85PRO01

Programación Didáctica de

Repentización e Acompañamento para acordeón

CURSO 2025-2026

Índice

1. Introducción.....	3
1.1. Presentación e xustificación.....	3
1.2. A quen vai dirixida.....	3
1.3. Coñecementos previos.....	3
1.4. Relacións con estudos de réxime xeral.....	3
1.5. Relacións interdisciplinares.....	4
2. Metodoloxía.....	6
3. Atención á diversidade.....	8
3.1. Nas actividades da clase.....	8
3.2. Ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.....	8
4. Temas transversais.....	9
4.1. Educación en valores.....	9
4.2. Tratamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TICs).....	9
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....	10
5.1. Fomento da lectura.....	10
5.2. Funcionalidade dos contidos.....	10
5.3. Actividades extraescolares.....	10
6. Programacións dos cursos.....	11
6.1. Curso 4º G.P.....	11
6.2. Curso 5º G.P.....	24
6.3. Curso 6º G.P.....	37
7. Procedementos de avaliación de seguimento da programación didáctica.....	52
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....	54
9. Anexos.....	55
9.1. Probas de acceso a outros cursos	

1. INTRODUCCIÓN

1.1. Presentación e xustificación

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas. A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto de 27 de setembro. A presente programación dá concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste centro.

1.2. A quen vai dirixida

A presente programación está dirixida a alumnos do grao profesional e concretamente a alumnos da especialidade de acordeón. Para acceder a este grao non existen límites de idade, polo que os grupos das materias colectivas non teñen por que ser homoxéneos.

1.3. Coñecementos previos

Para o acceso a 1º de grao profesional é preciso ter aprobada a proba específica de acceso. Pódense facer probas similares para acceder ao resto dos cursos.

Os alumnos que superen o curso pasarán ao seguinte cun máximo de dúas materias pendentes.

1.4. Relacións cos estudos de réxime xeral

A maioría dos alumnos compatibilizan estes estudos con outros de réxime xeral. Nun porcentaxe amplo, os alumnos dos primeiros cursos de grao profesional cursan a E.S.O. e os alumnos de 5º e 6º de grao profesional compatibilizan os nosos estudos co bacharelato.

1.5. Relacións interdisciplinares

INSTRUMENTO

Na materia de instrumento, o alumno, porá en práctica os coñecementos que vai adquirindo no resto de materias para desenvolver as sensibilidades auditivas, técnico musicais e persoais propias dunha interpretación instrumental.

LINGUAXE MUSICAL

Fomenta as bases da lectura e comprensión das partituras instrumentais, e permite que os alumnos realicen unhas interpretacións de calidade.

CORO/ORQUESTRA

Incorporan aos alumnos en grupos numerosos, e fanos participar dunha sección coa responsabilidade que require. Inciden nun desenvolto técnico propio do traballo en conxunto.

HARMONÍA

Faculta aos alumnos a recoñecer a importancia da súa voz cando tocan dentro dun conxunto, axúdaos a comprender os elementos compositivos que integran o seu repertorio.

ANÁLISE

Senta as bases que permiten que o alumno entenda e consiga interpretar a música que escoitan, ou tocan desde un punto de vista técnico e artístico de acordo co estilo musical e a época na que a obra foi composta. Nun aspecto ou noutro ten unha relación directa codas as demais materias dos cursos 5º e 6º.

HISTORIA

Aporta á materia coñecementos sobre os estilos das diferentes épocas e autores, aportando datos sobre o contexto sociocultural e de como este inflúe na estética musical.

INFORMÁTICA

As novas tecnoloxías aplicadas á música darán máis liberdade aos alumnos para que presenten a súa creatividade e para que poidan empregar recursos no seu estudo individual (Gravar, editar partituras, etc....)

CONXUNTO

Con esta materia os alumnos son responsables co seu traballo individual do resultado do conxunto. Os alumnos deben empregar tódalas ferramentas aprendidas nas clases instrumentais así como os coñecementos adquiridos nas clases colectivas.

2. METODOLOXÍA

Os principios metodolóxicos xerais terán como base aqueles que se estableceron de acordo co principio de globalización interdisciplinaria (linguaxe musical e

educación auditiva e vogal). Para planificar e desenvolver este curso terase en conta o nivel de coñecementos previos do alumno. Deste modo axustarase a práctica diaria ás características, peculiaridades e necesidades do alumno. O método de ensinanza será significativo, funcional e individualizado (Vigotsky e Ausubel), de maneira que quede potenciada a capacidade do alumno por aprender por sí mesmo. Ao longo do proceso será fundamental a participación e interacción do alumno, será esta a maneira de saber se existe comprensión do que se expón e aclarar posibles dúbidas. O aprendizaxe da repertización basearase fundamentalmente na posta en práctica duns exercicios técnicos por parte do alumno; propostos polo profesor. As sesións de traballo na clase servirán de modelo para a súa posterior realización na casa. Esta aprendizaxe será fundamental tanto para a comprensión musical como para a aplicación destes contidos nos estudos e obras de repertorio.

O profesor vixiará en todo momento a adecuada colocación do instrumento, e unha correcta posición que permita o control dos elementos anatómico-funcionais que interveñen na relación do conxunto “corpo-instrumento”

O profesor insistirá na necesidade da coordinación dos diferentes elementos articulatorios que interveñen na práctica.

Explicará as características xerais e posibilidades sonoras do instrumento, cun vocabulario adecuado ó alumno e ilustrarao con exemplos clarificadores.

O profesor suxerirá ó alumno un repertorio básico de obras de diferentes estilos, de dificultade acorde co nivel, como solista e como membro dun grupo.

O profesor velará por unha correcta produción do son tanto a través da explicación da articulación dixital como da articulación do fol.

O profesor suxerirá ó alumno un repertorio básico de obras de diferentes estilos, de dificultade acorde co nivel, como solista e como membro dun grupo e terá a potestade de modificalo se o proceso de aprendizaxe do alumno se ve comprometido polo motivo que sexa, (estancamento, falta de estudo, faltas de asistencia coa conseguinte falta de continuidade no proceso de aprendizaxe, falta de interese do alumno polo excesivo tempo de traballo do repertorio sen resultados, etc).

Favorecerase a toma de conciencia sobre a importancia do traballo individual.

O profesor explicará de forma adecuada ó nivel e linguaxe do alumno, as orixes e historia do acordeón, así como os coidados necesarios para o mantemento técnico do instrumento, información que se irá completando con datos sobre compositores, obras e

intérpretes.

O profesor convidará ó alumno a tocar en público, en concertos didácticos, tanto fóra como dentro do centro, para a comprensión da función comunicativa da música.

Organización do tempo e do espazo

Estes aspectos veñen definidos polas características físicas do edificio, e polos horarios da ensinanza obrigatoria. A xefatura de estudos elaborará o reparto de aulas e espazos do centro conforme crea convinte.

3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

3.1 Nas actividades de clase

A ensinanza da repentinización require dunha constante adaptación por parte do profesor ás condicións específicas de cada alumno co fin de dar unha resposta educativa máis axeitada ás súas necesidades. Para atender a esta diversidade realizaremos unha avaliación inicial centrándonos en tres criterios:

- a. En función do seu nivel musical.
- b. En función da súa actitude e interese para os estudos musicais.
- c. En función do grao de adaptación segundo as súas condicións físicas.

3.2 Ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Ante un caso con necesidades educativas especiais podemos recorrer a diferentes medidas e respostas para atender a diversidade que ocasione. En primeiro lugar debemos ter claro que os centros escolares deben permitir a integración funcional, social e física do alumno. As medidas poden necesitar unha dotación de recursos extraordinarios que se clasifican en medios persoais (profesores de apoio, tradutores, especialistas...), medidas ambientais e materiais e medios de acceso físico. Ademais pode existir a necesidade dunha adecuación curricular. Esta pode basearse nunha medida de reforzo educativo que pode ter cabida no conservatorio, ben interno ou externo ao centro ou nunha atención curricular individualizada (ACI), que só se realizará cando se poida prever que o problema é transitorio e que o alumno alcanzará un desenvolvemento normal nun tempo estimado, xa que non se permite rebaixar o nivel dos obxectivos de cada curso.

4. TEMAS TRANSVERSAIS

4.1. Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música desde un punto de vista estético e artístico.

4.2. Tratamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TICs)

O centro debe contar con algún equipo informático con conexión a Internet a disposición de profesores e alumnos. Para esta materia a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, busca de partituras, arquivos de audio, ou libros especializados, etc. A biblioteca- fonoteca- videoteca do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información, deberemos animar e axudar aos alumnos a utilizar este espazo con aproveitamento. É recomendable usar na aula tecnoloxías da información e da comunicación, sempre que contemos con recursos que nolo permitan.

5. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS

5.1. Fomento da lectura

Enfocaremos o fomento da lectura en dúas vertentes: por unha banda, a literatura musical, procurando que os alumnos teñan acceso a diversos autores e estilos e incentivando o seu interese por coñecelos; por outra banda ofreceremos acceso a diversa literatura especializada sobre a materia.

5.2. Funcionalidade dos contidos

Os contidos desta programación teñen como función a posta en práctica de exercicios que contribúan a acadar os obxectivos do curso.

5.3. Actividades extraescolares

As actividades extraescolares estarán organizadas polo centro, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados,

asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc.. Os alumnos e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes. Nestas actividades, organizadas para incentivar aos alumnos e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respeito e convivencia, entre outros.

6. PROGRAMACIÓNS DOS CURSOS

6.1 Curso: 4º G.P.

6.1.1 Obxectivos

- Ler á vista partituras tanto de solista como de acompañante, nun nivel equivalente a 1º curso de instrumento de Grao Elemental.
- Analizar obras de características similares ó punto anterior.
- Transportar a distancia de semitón cromático e 2ª M e m ascendente e descendente.
- Acompañar á vista pezas de características similares ás anteriores.
- Realizar baixos con acordes tríadas en Estado Fundamental e 1ª inversión.
- Realizar as cadencias auténtica, plagal, semicadencia e rota.

- Improvisar fragmentos con estruturas harmónicas básicas en Estado Fundamental atendendo ao patrón funcional T-SD-D-T, con estruturas de “pregunta-resposta”.

6.1.2 Contidos

REPENTIZACIÓN

(*) Lectura á vista de partituras tanto de solista como de acompañante, nun nivel equivalente a 1º curso de instrumento de Grao Elemental, abarcando diferentes estilos, texturas (harmónica, contrapuntística, etc.), formas, incluso reducións de partituras vocais e instrumentais de escasa dificultade nas claves propias do acordeón.

- (*) Análise melódico-harmónico-rítmico, así como formal, de obras de similares características ás do punto anterior.
- Memorización da estrutura harmónica de fragmentos de similares características ásdo punto anterior.
- Lectura de fragmentos a dúas voces en combinacións de claves.

TRANSPOSICIÓN

- Técnica tradicional do transporte: semitón cromático e 2ª M e m ascendente e descendente.
- Transporte harmónico a todas as tonalidades de fragmentos que conteñan a sucesión T-SD-D-T.
- Acompañamento á vista de pezas para transportar, atendendo aos puntos anteriores.

CIFRADO

- (*) Realización de baixos que inclúan acordes triadas en Estado Fundamental e 1ª inversión.
- (*) Acompañamento á vista de pezas con baixo cifrado atendendo ó punto anterior.
- Introducción ao cifrado americano. Acordes triadas e de 7ª de dominante.

IMPROVISACIÓN

- Realización de cadencias auténtica, plagal, semicadencia e rota.
- (*) Improvisación de fragmentos curtos de procesos cadenciais e estruturasharmónicas básicas en Estado Fundamental atendendo ao patrón funcional T-SD-D-T, ao que despois engadiranse fórmulas rítmicas simples en distintos compases ou unha melodía composta das notas que integran os acordes.

- Improvisación, tendo en conta o anterior, de fragmentos de 4 e 8 compases e estruturas de “pregunta-resposta”.

6.1.3 Avaliación

Criterios de avaliación

REPENTIZACIÓN

- Repentizar con soltura unha partitura dun nivel de dificultade de 1º de acordeón de Grao Elemental como solista ou acompañante.
- Chegar a través do análise á estrutura harmónica interna dunha partitura sinxela para acordeón.
- Ler harmonicamente de forma correcta un fragmento corto para acordeón, previo análise da súa estrutura harmónica. Para chegar a esta lectura harmónica, o alumnado deberá aprender a eliminar na partitura todo aquilo que non sexa esencial dende o punto de vista desas estruturas.
- Ler de forma correcta e con soltura fragmentos a 2 voces en combinacións de claves.

TRANSPOSICIÓN

- Transportar correctamente e con soltura empregando a técnica tradicional e por transposición harmónica de pezas propias do acordeón.

CIFRADOS

Realizar correctamente unha estrutura de 4 ou 8 compases, semicadencial, de adencia auténtica, de cadencia plagal ou rota, empregando acordes triadas en Estado Fundamental e 1ª inversión.

- Realizar correctamente baixos cifrados de tipo harmónico, barroco ou americano dunha dificultade elemental, incluíndo acordes triadas en Estado Fundamental e 1ª inversión.
- Acompañar con soltura pezas con baixo cifrado.

IMPROVISACIÓN

- Improvisar con soltura a partir de estruturas harmónicas de 4 ou 8 compases, formadas polas tres funcións principais (SD, D, T) utilizando diferentes formulacións rítmicas.
- Superpoñer correctamente a unha estrutura harmónica de 4 ou 8 compases dunha estrutura melódica de acordo cos principios xerais de pregunta- resposta.
- Realizar, cun ritmo básico, dos acordes sinalados na partitura dunha canción de música lixeira, na que so aparezan a melodía e o cifrado americano.
- Realizar acompañamentos improvisados a melodías de distinto estilo, empregando acordes sobre os graos principais SD-D-T.

Mínimos esixibles

Os contidos marcados con (*) no apartado 6.1.2., son considerados os contidos mínimos para superar o curso.

Procedementos e ferramentas de avaliación

A avaliación non é un criterio externo ó proceso educativo-formativo, senón un compoñente máis do mesmo. Pode entenderse coma un mecanismo de autoregulación do propio proceso, a través do cal

- O alumnado reconece os seus avances e descubre erros.
- O profesorado descubre os erros posibles dentro da súa programación de aula.

Posto que é un proceso complexo, necesítase un sistema de categorías. Así se fala de *avaliación de diagnóstico ou inicial*, *avaliación continua ou de progreso* e *avaliación de aproveitamento e de certificación de nivel*.

A **avaliación de diagnóstico ou inicial** debe permitir ó profesor coñecer a situación da que parte o alumnado, os seus coñecementos previos.

Esta avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado.

A **avaliación continua ou de progreso**, acompañará a todo o proceso de aprendizaxe. Para levala a cabo pódense usar moitos procedementos: dende os máis clásicos exames periódicos, ata a observación da actitude de cada alumno e alumna.

Finalmente a **avaliación de aproveitamento e de certificación de nivel**, debe permitir avaliar en que medida conseguíronse os obxectivos propostos por parte do alumnado, edebe permitir a reflexión sobre a adecuación dos métodos de obtención dos obxectivos, ou sobre a pertinencia dos obxectivos mesmos.

A avaliación final debe levarse a cabo ó finalizar unha determinada fase de aprendizaxe: Unidade didáctica, bloque temático, nivel, etc.

Polo tanto, a avaliación reflectirase da seguinte maneira:

- **Traballo persoal diario:** motivación, interese, participación na clase, concentración, tendencia predominante,...
- **Traballos en grupo:** Traballo en cooperación cos demais: acepta e ofrece

apoio; respecto cara as ideas dos demais,...

- **Actitudes cara a materia:** Curiosidade e creatividade; constancia e flexibilidade; reflexión sobre a súas ideas e actuacións, revisando, analizando e explicando.
- **Probas prácticas:** realización de todos os exercicios que traballan os contidos mínimos esixibles, demostrando a súa asimilación.

Os informes de cualificación faranse trimestralmente e resultan do conxunto dos apartados. Ademais cada un deses tres trimestres terá un peso diferente na obtención da cualificación final do curso, do seguinte modo: o 1º trimestre un 20%, o segundo un 30% e o 3 un 50%.

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación para a materia de repentización e acompañamento son os que seguen:

A) Traballo de aula e/ou proba trimestral: 70%

B) Hábitos de estudo: 30%

A) CONTIDOS DA PROBA

A proba consistirá en 4 partes:

- ☐ Unha proba de lectura á vista do nivel apropiado.
- ☐ Unha proba de baixo cifrado do nivel adecuado.
- ☐ Unha proba de improvisación nos graos traballados.
- ☐ Unha análise harmónica dunha partitura adecuada ao nivel.

VALORACIÓN DA PROBA

- ☐ Lectura á vista: 35%
- ☐ Baixo cifrado: 35%
- ☐ Improvisación: 15%
- ☐ Análise harmónica dunha partitura: 15%

En cada un dos apartados será necesario obter un mínimo de 5 en cada proba.

A cualificación global da proba será unha puntuación de 1 a 10, e aplícanse os criterios de avaliación propios deste curso.

B) Táboa de cotexo para os hábitos de estudo semanais



Rubrica para a cualificación dos hábitos de estudo semanais			
Sobresaínte (9-10)	Notable (7-8)	Ben (5-6)	Insuficiente (1-4)
Amosa unha grande concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces. Amosa interese pola materia. Tamén asiste regular e puntualmente a clase.	Amosa interese pola materia. Asiste regular e puntualmente as clases. Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual non emprega os hábitos de estudo completamente eficaces.	Amosa interese pola materia. Non sempre asiste regular e puntualmente as clases. Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual non emprega os hábitos de estudo completamente eficaces.	Amosa falta de concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces. Non amosa interese pola materia. Non asiste regular e/ou puntualmente ás clases.

A calibración

Realizarase, ao menos, una proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente.

Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas.

Listaxe de cotexo

- Le á vista partituras tanto de solista como de acompañante, nun nivel equivalente a 1º curso de instrumento de Grao Elemental, abarcando diferentes estilos, texturas (harmónica, contrapuntística, etc.), formas, incluso reducións de partituras vocais e instrumentais de escasa dificultade nas claves propias do acordeón.
- Fai análises melódico-harmónico-rítmico, así como formais, de obras de similares características ás do punto anterior.
- Realiza baixos que inclúen acordes triadas en Estado Fundamental e 1ª inversión.
- Fai acompañamentos á vista de pezas con baixo cifrado
- Improvisa fragmentos curtos con procesos cadenciais e estruturas harmónicas básicas en Estado Fundamental atendendo ao patrón funcional T-SD-D-T, con fórmulas rítmicas simples en distintos compases.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios a seguir para a concesión da ampliación de matrícula son os seguintes:

- O alumno/a deberá alcanzar todos os obxectivos do curso antes de finalizar o trimestre. Valorarase o trimestre no que se pretenda realizar a ampliación,

tendo en conta o tempo que lle resta para conseguir acadar os obxectivos do seguinte curso.

- Consenso cos restantes profesores que lle imparten as demais materias do curso ao alumno/a que quere ampliar.

6.1.4 Medidas de recuperación

Estas medidas están destinados a aqueles alumnos/as que non alcancen os obxectivos mínimos coas técnicas e instrumentos ordinarios de avaliación previstos na presente programación.

Coa nova lei, establécese que o alumnado que obteña a avaliación negativa no mes de maio, poderá presentarse á proba extraordinaria durante os primeiros días de xuño. O profesor seleccionará o material de traballo do alumno/a para realizar no verán de acordo cos contidos da proba, e en función das carencias detectadas.

Procedementos de recuperación ordinarios

Esta materia é presencial e na que se realiza unha avaliación continua do alumnado a través dos criterios de avaliación expostos con anterioridade. As faltas de asistencia á clase, non xustificadas polo docente (é decisión do mestre que faltas son de pertinente xustificación) terán unha valoración de 1 punto, por non superar os contidos propostos para esa clase ou grupo de clases. O alumnado que non asista en reiteradas ocasións ás clases, atoparase coa problemática da falta de coñecemento da maioría ou totalidade dos contidos do curso.

Ademais isto redundará para o docente nunha imposibilidade da aplicación axeitada da avaliación continua debido á falta de rexistros.

O alumnado que presente máis de 3 faltas ao trimestre faltas ou máis de 9 durante o curso terá dereito a un exame alternativo ó final de curso, no mes de maio, onde será examinadoda parte, ou partes non superadas por mor destas faltas de asistencia. Poderá ter douscasos diferenciados:

- Primeiro caso: No caso de alumnos que asistiron e desenvolveron ao longo do curso parte do traballo do mesmo, valorarase ese traballo, así como a asistencia e o interese amosado, erepresentará o 20% da nota. Así a asistencia e superación das audicións do curso terá un valor máximo dun 30%. O 50% restante da cualificación corresponderá, a realización da proba cun protocolo igual que o da proba extraordinaria de xuño.

- Segundo caso: No caso dos alumnos que non asistiron durante o curso, ou que a súaasistencia e traballo non sexan significativos, terase en conta, única e exclusivamente,a realización dunha proba en maio, cos mesmos mecanismos definidos na proba extraordinaria de xuño, e o seu valor máximo será dun 80% do valor total da nota.

Probas extraordinarias de xuño

Contidos da proba

Consistirá na realización de 4 exercicios teórico-prácticos:

- ☐ Unha proba de lectura á vista do nivel apropiado.
- ☐ Unha proba de baixo cifrado do nivel adecuado.
- ☐ Unha proba de improvisación nos graos traballados.
- ☐ Unha análise harmónica dunha partitura adecuada ao nivel.

Valoración da proba

A cualificación global da proba será unha puntuación de 1 a 10, e aplícanse os criterios de avaliación propios deste curso, así como o cadro de ponderación que aparece no 6.1.3.

6.1.5 Recursos didácticos

- Pizarra: é un instrumento indispensable á hora de dar calquera explicación.
- Libros e partituras:: a maioría deles atópanse na Biblioteca do centro, de acceso tanto para o alumnado como para o profesor.
- Outro material escrito.
 - Ø Fotocopias de partituras, exercicios... elaborados polo profesor.
 - Ø Papel pautado.
- Material manipulable.
 - Ø Instrumentos:
 - Acordeóns:
 - o Os propios do alumnado
 - o Do centro
 - Ø Atrís.
- Materiais audiovisuais:
 - Ø Vídeos e DVDs. CD, cadea musical.
 - Ø Ordenador.

6.2 Curso: 5º G.P.

6.2.1 Obxectivos

- Ler á vista partituras tanto de solista como de acompañante, nun nivel equivalente a 2º curso do instrumento de Grao Elemental.
- Analizar obras de características similares ó punto anterior.
- Transportar a distancia de 3ª M e m, ascendente e descendente.
- Acompañar á vista pezas de características similares ás anteriores.
- Ler partituras con instrumentos transpositores en Si b a 2 e máis pentagramas.
- Realizar baixos que inclúan acordes triadas en 2ª inversión e acordes de 7ª (de dominante, diminuída e de sensible) en Estado Fundamental e inversións, con modulación diatónica e cromática a tons veciños.
- Acompañar á vista pezas con baixo cifrado atendendo ao punto anterior.
- Realizar o acompañamento dunha melodía con ritmo básico, a partir dun cifrado americano.
- Improvisar procesos cadenciais de mediana extensión e estruturas harmónicas básicas en Estado Fundamental e inversións atendendo ao patrón funcional T-SD-D-T, engadindo posteriormente fórmulas rítmicas simples en distintos compases introducindo ritmos de danzas populares, especialmente galegas, ou unha melodía composta das notas que integran os acordes.

6.2.2 Contidos

REPENTIZACIÓN

- (*) Lectura á vista de partituras tanto de solista como de acompañante, nun nivel equivalente a 2º curso do instrumento de Grao Elemental, abarcando diferentes estilos, texturas (harmónica, contrapuntística, etc.), formas, incluso reducións de partituras vocais e instrumentais de escasa dificultade nas claves propias do acordeón.
- (*) Análise melódico-harmónico-rítmico, así como formal, de obras de similares características ás do punto anterior.
- Memorización da estrutura harmónica de fragmentos de similares características ás do punto anterior.
- Lectura de fragmentos a dúas ou tres voces en combinacións de claves.

TRANSPOSICIÓN

- Técnica tradicional do transporte: práctica dos transportes xa aprendidos, engadindo o de 3ª M e m, ascendente e descendente.
- Transporte harmónico a todas as tonalidades de fragmentos que conteñan a sucesión T-SD-D-T utilizando acordes triada e de 7ª con función de dominante en calquera inversión.
- Acompañamento á vista de pezas para transportar, atendendo aos puntos anteriores.
- Lectura de partituras con instrumentos transpositores en Si b a 2 e máis pentagramas.

CIFRADO

- (*) Realización de baixos que inclúan acordes triadas en 2ª inversión e acordes de 7ª (dedominante, diminuída e de sensible) en Estado Fundamental e inversións. A modulación diatónica e cromática a tons veciños.
- (*) Acompañamento á vista de pezas con baixo cifrado atendendo ao punto anterior.
- Realización do acompañamento dunha melodía con ritmo básico, a partir dun cifrado americano.

IMPROVISACIÓN

- Introducción a forma "Blues"
- (*) Improvisación de procesos cadenciais de mediana extensión e estruturas harmónicas básicas en Estado Fundamental e inversións atendendo ao patrón funcional T-SD-D-T, engadindo posteriormente fórmulas rítmicas simples en distintos compases introducindo ritmos de danzas populares, especialmente galegas, ou unha melodía composta das notas que integran os acordes.
- Improvisación, tendo en conta o anterior, de fragmentos de 4 e 8 compases e estruturas de "pregunta-resposta".

6.2.3 Avaliación

Criterios de avaliación

REPENTIZACIÓN

- Repentizar con soltura unha partitura dun nivel de dificultade de 2º de acordeón de Grao Elemental como solista ou acompañante.
- Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dunha partitura sencilla para acordeón.
- Ler harmonicamente de forma correcta un fragmento curto para acordeón, previo análise da súa estrutura harmónica. Para chegar a esta lectura harmónica, o alumnado deberá aprender a eliminar na partitura todo aquilo que non sexa esencial dende o punto de vista desas estruturas.
- Ler de forma correcta e con soltura fragmentos a 2 ou 3 voces en combinacións de claves.

TRANSPOSICIÓN

- Transportar correctamente e con soltura empregando a técnica tradicional e por transposición harmónica de pezas propias do acordeón.
- Ler de forma correcta partituras con instrumentos transpositores en Si b a 2 e máis pentagramas.

CIFRADOS

- Realizar correctamente unha estrutura de 4 ou 8 compases, semicadencial, de cadencia auténtica, de cadencia plagal ou rota, empregando acordes triadas en Estado Fundamental e 1ª inversión.
- Realizar correctamente baixos cifrados de tipo harmónico, barroco ou americano dunha dificultade elemental, incluíndo acordes triadas en Estado Fundamental, 1ª e 2ª inversión, e acordes de 7ª con función de dominante segundo os contidos do curso.
- Acompañar con soltura pezas con baixo cifrado.

IMPROVISACIÓN

- Improvisar con soltura a partir de estruturas harmónicas estudadas durante o curso, de
8 compases, valorando a súa capacidade de combinación con patróns rítmicos diferentes, especialmente aqueles relacionados coa música popular galega.
- Realizar, cun ritmo básico, os acordes sinalados na partitura dunha canción de música lixeira, na que so aparezan a melodía e o cifrado americano, que poderá ter acordes triadas e de 7ª.
- Realizar acompañamentos improvisados a melodías de distinto estilo, de tipo unitonal, ou modulantes a tonalidades veciñas, empregando acordes sobre os graos principais, acordes sobre os graos secundarios, o acorde de 7ª de Dominante, diminuída e de sensible.

MÍNIMOS ESIXIBLES

Os contidos marcados con (*) no apartado 6.2.2., son considerados os contidos mínimos para superar o curso.

PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

A avaliación non é un criterio externo ó proceso educativo-formativo, senón un compoñente máis do mesmo. Pode entenderse coma un mecanismo de autoregulación do propio proceso, a través do cal:

- alumnado recoñece os seus avances e descubre erros.
- profesorado descubre os erros posibles dentro da súa programación de aula.

Posto que é un proceso complexo, necesítase un sistema de categorías. Así se fala de *avaliación de diagnóstico ou inicial*, *avaliación continua ou de progreso* e *avaliación de aproveitamento e de certificación de nivel*.

A **avaliación de diagnóstico ou inicial** debe permitir ó profesor coñecer a situación da que parte o alumnado, os seus coñecementos previos.

Esta avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado.

A **avaliación continua ou de progreso**, acompañará a todo o proceso de aprendizaxe. Para levala a cabo pódense usar moitos procedementos: dende os máis clásicos exames periódicos, ata a observación da actitude de cada alumno e alumna.

Finalmente a **avaliación de aproveitamento e de certificación de nivel**, debe permitir avaliar en que medida conseguíronse os obxectivos propostos por parte do alumnado, edebe permitir a reflexión sobre a adecuación dos métodos de obtención dos obxectivos, ou sobre a pertinencia dos obxectivos mesmos.

A avaliación final debe levarse a cabo ó finalizar unha determinada fase de aprendizaxe: Unidade didáctica, bloque temático, nivel, etc.

Polo tanto, a avaliación reflectirase da seguinte maneira:

- **Traballo persoal diario:** motivación, interese, participación na clase, concentración, tendencia predominante,...
- **Traballos en grupo:** Traballo en cooperación cos demais: acepta e ofrece apoio; respecto cara as ideas dos demais,...
- **Actitudes cara a materia:** Curiosidade e creatividade; constancia e flexibilidade; reflexión sobre a súas ideas e actuacións, revisando, analizando e explicando.
- **Probas prácticas:** realización de todos os exercicios que traballan os contidos mínimos esixibles, demostrando a súa asimilación.

Os informes de cualificación faranse trimestralmente e resultan do conxunto dos apartados. Ademais cada un deses tres trimestres terá un peso diferente na obtención da cualificación final do curso, do seguinte modo: o 1º trimestre un 20%, o segundo un 30% e o 3 un 50%.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación para a materia de repentización e acompañamento son os que seguen:

A) Traballo de aula e/ou proba trimestral: 70%

B) Hábitos de estudo semanais: 30%

CONTIDOS DA PROBA

A proba consistirá en 4 partes:

- ☐ Unha proba de lectura á vista do nivel apropiado.
- ☐ Unha proba de baixo cifrado do nivel adecuado.
- ☐ Unha proba de improvisación nos graos traballados.
- ☐ Unha análise harmónica dunha partitura adecuada ao nivel.

VALORACIÓN DA PROBA

A cualificación será:

- ☐ Lectura á vista: 35%
- ☐ Baixo cifrado: 35%
- ☐ Improvisación: 15%
- ☐ Análise harmónica dunha partitura: 15%

En cada un dos apartados será necesario obter un mínimo de 5 en cada proba.

A cualificación global da proba será unha puntuación de 1 a 10, e aplícanse os criterios de avaliación propios deste curso.

B) Táboa de cotexo para os hábitos de estudo semanais:

Rubrica para a cualificación dos hábitos de estudo semanais			
Sobresaínte (9-10)	Notable (7-8)	Ben (5-6)	Insuficiente (1-4)
Amosa unha grande concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces. Amosa interese pola materia. Tamén asiste regular e puntualmente a clase.	Amosa interese pola materia. Asiste regular e puntualmente as clases. Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual non emprega os hábitos de estudo completamente eficaces.	Amosa interese pola materia. Non sempre asiste regular e puntualmente as clases. Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual non emprega os hábitos de estudo completamente eficaces.	Amosa falta de concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudo eficaces. Non amosa interese pola materia. Non asiste regular e/ou puntualmente ás clases.

A CALIBRACIÓN

Realizarase, ao menos, una proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente.

Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas.

LISTAXE DE COTEXO

- Le á vista partituras tanto de solista como de acompañante, nun nivel equivalente a 2º curso do instrumento de Grao Elemental, abarcando diferentes estilos, texturas (harmónica, contrapuntística, etc.), formas, incluso reducións de partituras vocais e instrumentais de escasa dificultade nas claves propias do acordeón.
- Fai análises melódico-harmónico-rítmico, así como formais, de obras de similares características ás do punto anterior.
- Realiza baixos que inclúen acordes triadas en 2ª inversión e acordes de 7ª (de dominante, diminuída e de sensible) en Estado Fundamental e inversións.
- Fai acompañamentos á vista de pezas con baixo cifrado atendendo ao punto anterior.
- Improvisa procesos cadenciais de mediana extensión e estruturas harmónicas básicas en Estado Fundamental e inversións atendendo ao patrón funcional T-SD-D-T, con fórmulas rítmicas simples en distintos compases introducindo ritmos de danzas populares, especialmente galegas.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios a seguir para a concesión da ampliación de matrícula son os seguintes:

- O alumno/a deberá alcanzar todos os obxectivos do curso antes de finalizar o trimestre. Valorarase o trimestre no que se pretenda realizar a ampliación, tendo en conta o tempo que lle resta para conseguir acadar os obxectivos do seguinte curso.
- Consenso cos restantes profesores que lle imparten as demais materias do curso ao alumno/a que quere ampliar.

6.2.4. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Estas medidas están destinados a aqueles alumnos/as que non alcancen os obxectivos mínimos coas técnicas e instrumentos ordinarios de avaliación previstos na presente programación.

Coa nova lei, LOE, establécese que o alumnado que obteña a avaliación negativa no mes de maio, poderá presentarse á proba extraordinaria durante os primeiros días de xuño. O profesor seleccionará o material de traballo do alumno/a para realizar no verán de acordo cos contidos da proba, e en función das carencias detectadas.

PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS

Esta materia é presencial e na que se realiza unha avaliación continua do alumnado a través dos criterios de avaliación expostos con anterioridade. As faltas de asistencia á clase, non xustificadas polo docente (é decisión do mestre qué faltas son de pertinente xustificación) terán unha valoración de 1 punto, por non superar os contidos propostos para esa clase ou grupo de clases. O alumnado que non asista en reiteradas ocasións ás clases, atoparase coa problemática da falta de coñecemento da maioría ou totalidade dos contidos do curso.

Ademais isto redundará para o docente nunha imposibilidade da aplicación axeitada da avaliación continua debido á falta de rexistros.

O alumnado que presente máis de 3 faltas ao trimestre faltas ou máis de 9 durante o curso terá dereito a un exame alternativo ó final de curso, no mes de maio, onde será examinada a parte, ou partes non superadas por mor destas faltas de asistencia. Poderá ter dous casos diferenciados:

- Primeiro caso: No caso de alumnos que asistiron e desenvolveron ao longo do curso parte do traballo do mesmo, valorarase ese traballo, así como a asistencia e o interese amosado, e representará o 20% da nota. Así a asistencia e superación das audicións do curso terá un valor máximo dun 30%. O 50% restante da cualificación corresponderá, a realización da proba cun protocolo igual que o da proba extraordinaria de xuño.

- Segundo caso: No caso dos alumnos que non asistiron durante o curso, ou que a súa asistencia e traballo non sexan significativos, terase en conta, única e exclusivamente, a realización dunha proba en maio, cos mesmos mecanismos definidos na proba extraordinaria de xuño, e o seu valor máximo será dun 80% do valor total da nota.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUÑO

Contidos da proba

Consistirá na realización de 4 exercicios teórico-prácticos:

- ☐ Unha proba de lectura á vista do nivel apropiado.
- ☐ Unha proba de baixo cifrado do nivel adecuado.
- ☐ Unha proba de improvisación nos graos traballados.
- ☐ Unha análise harmónica dunha partitura adecuada ao nivel.

VALORACIÓN DA PROBA

A cualificación global da proba será unha puntuación de 1 a 10, e aplícanse os criterios de avaliación propios deste curso, así como o cadro de ponderación que aparece no apartado 6.2.3

6.2.5 RECURSOS DIDÁCTICOS

- Pizarra: é un instrumento indispensable á hora de dar calquera explicación.
- Libros e partituras:: a maioría deles atópanse na Biblioteca do centro, de acceso tantopara o alumnado como para o profesor.
- Outro material escrito.
 - Ø Fotocopias de partituras, exercicios... elaborados polo profesor.
 - Ø Papel pautado.
- Material manipulable.
 - Ø Instrumentos:
 - Acordeóns:
 - o Os propios do alumnado
 - o Do centro
 - Ø Atrís.
- Materiais audiovisuais:
 - Ø Vídeos e DVDs. CD, cadea musical.
 - Ø Ordenador.

6.3 Curso: 6º G.P.

6.3.1 OBXECTIVOS

- Ler á vista partituras tanto de solista como de acompañante, nun nivel equivalente a 3º curso do instrumento de Grao Elemental.
- Analizar melódica-harmónica-rítmicamente, así como formalmente, obras de similares características ás do punto anterior.
- Ler fragmentos a dúas, tres ou catro voces en combinacións de claves.
- Transportar a distancia de 4ª J.
- Transportar harmónicamente a todas as tonalidades fragmentos que conteñan calquera progresión harmónica modulante, utilizando acordes triadas e cuatriadas en Estado Fundamental e inversións.
- Acompañar á vista pezas para transportar, atendendo aos puntos anteriores.
- Realizar baixos que inclúan acordes de 7ª sen función de dominante e de 9º de dominante en Estado Fundamental e inversións.
- Realizar, a partir dun cifrado americano, o acompañamento a unha melodía con ritmo básico que inclúa os acordes descritos ata o momento.
- Practicar os acompañamentos rítmicos e harmónicos básicos empregados na música tradicional galega.
- Coñecer os adornos máis empregados nas melodías tradicionais (galicia, escocia e irlandia, etc).

- Improvisar procesos cadenciais de mediana extensión e estruturas harmónicas básicas en Estado Fundamental e inversións utilizando acordes cuatriadas e con modulacións diatónicas e cromáticas, engadindo posteriormente fórmulas rítmicas simples en distintos compases introducindo ritmos clásicos, de jazz, lixeiros, danzas,....

6.3.2 CONTIDOS

REPENTIZACIÓN

- (*) Lectura á vista de partituras tanto de solista como de acompañante, nun nivel equivalente a 3º curso do instrumento de Grao Elemental, abarcando diferentes estilos, texturas (harmónica, contrapuntística, etc.), formas, incluso reducións de partituras vocais e instrumentais de escasa dificultade nas claves propias do acordeón.
- (*) Análise melódico-harmónico-rítmico, así como formal, de obras de similares características ás do punto anterior.
- Memorización da estrutura harmónica de fragmentos de similares características ás do punto anterior.
- Lectura de fragmentos a dúas, tres ou catro voces en combinacións de claves.
- Practica dos acompañamentos rítmicos e harmónicos básicos empregados na música tradicional galega.
- Coñecemento dos adornos máis empregados nas melodías tradicionais (galicia, escocia e irlandia, etc).

TRANSPOSICIÓN

- Técnica tradicional do transporte: práctica dos transportes xa aprendidos, engadindo o de 4ª J.
- Transporte harmónico a todas as tonalidades de fragmentos que conteñan calquera progresión harmónica modulante, utilizando acordes triadas e cuatriadas en Estado Fundamental e inversións.
- Acompañamento á vista de pezas para transportar, atendendo aos puntos anteriores.

CIFRADO

- (*) Realización de baixos que inclúan acordes de 7ª sen función de dominante e de 9º de dominante en Estado Fundamental e inversións. A modulación diatónica e cromática a outros tons, así como notas estrañas e acordes alterados.
- Acompañamento á vista de pezas con baixo cifrado atendendo ao punto anterior.
- Realización no acordeón, a partir dun cifrado americano, do acompañamento a unha melodía con ritmo básico que inclúa os acordes descritos ata o momento.

IMPROVISACIÓN

- (*) Improvisación de procesos cadenciais de mediana extensión e estruturas harmónicas básicas en Estado Fundamental e inversións utilizando acordes cuatriadas e con modulacións diatónicas e cromáticas, engadindo posteriormente fórmulas rítmicas simples en distintos compases introducindo ritmos clásicos, de jazz, lixeiros, danzas,..., ou unha melodía composta das notas que integran os acordes, con notas estrañas.
- Improvisación, tendo en conta o anterior, frases e estruturas binarias ou ternarias.
- Improvisación libre de pezas de estilos diversos (popular, música lixeira, jazz, etc.)

6.3.3 AVALIACIÓN

Criterios de avaliación

REPENTIZACIÓN

- Repentizar con soltura unha partitura dun nivel de dificultade de 3º de acordeón de Grao Elemental como solista ou acompañante.
- Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dunha partitura sencilla para acordeón do nivel de 3º de grao Elemental.
- Ler harmónicamente de forma correcta un fragmento curto para acordeón, previo análise da súa estrutura harmónica. Para chegar a esta lectura harmónica, o alumnado deberá eliminar na partitura todo aquilo que non sexa esencial dende o punto de vista desas estruturas.
- Ler de forma correcta e con soltura fragmentos a 2, 3 ou 4 voces en combinacións de claves.

TRANSPOSICIÓN

- Transportar correctamente e con soltura empregando a técnica tradicional e portransposición harmónica de pezas propias do acordeón.

CIFRADOS

- Realizar correctamente unha estrutura de 4 ou 8 compases, semicadencial, de cadencia auténtica, de cadencia plagal ou rota, empregando acordes triadas, cuatriadase 9ª de Dominante en Estado Fundamental e 1ª inversión con o sen modulación.

Realizar correctamente baixos cifrados de tipo harmónico, barroco ou americano dunhadificultade elemental, incluíndo os acordes citados no punto

- anterior.
- Acompañar con soltura pezas con baixo cifrado.
- Engadir ritmos ao acompañamento dunha melodía con baixo americano.

IMPROVISACIÓN

- Improvisar con soltura a partir de estruturas harmónicas estudadas durante o curso, de 8 ou máis compases, binarias ou ternarias, valorando a súa capacidade de combinación con patróns rítmicos diferentes, especialmente aqueles relacionados coa música popular galega.
- Realizar, cun ritmo básico, os acordes sinalados na partitura dunha canción de música lixeira, na que so aparezan a melodía e ol cifrado americano, que poderá ter acordes triadas e de 7ª.
- Realizar acompañamentos improvisados a melodías de distinto estilo, de tipo unitonal, ou modulantes a tonalidades veciñas, empregando acordes triadas, cuatriadas e modulacións diatónicas e cromáticas.

MÍNIMOS ESIXIBLES

Os contidos marcados con (*) no apartado 6.3.2., son considerados os contidos mínimos para superar o curso.

PROCEDEMENTOS E FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN

A avaliación non é un criterio externo ó proceso educativo-formativo, senón un compoñente máis do mesmo. Pode entenderse coma un mecanismo de autoregulación do propio proceso, a través do cal:

- alumnado recoñece os seus avances e descubre erros.
- profesorado descubre os erros posibles dentro da súa programación de aula.

Posto que é un proceso complexo, necesítase un sistema de categorías. Así se fala de *avaliación de diagnóstico ou inicial*, *avaliación continua ou de progreso* e *avaliación de aproveitamento e de certificación de nivel*.

A **avaliación de diagnóstico ou inicial** debe permitir ó profesor coñecer a situación da que parte o alumnado, os seus coñecementos previos.

Esta avaliación inicial realizarase durante a primeira semana do curso escolar. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado.

A **avaliación continua ou de progreso**, acompañará a todo o proceso de aprendizaxe. Para levala a cabo pódense usar moitos procedementos: dende os máis clásicos exames periódicos, ata a observación da actitude de cada alumno e alumna.

Finalmente a **avaliación de aproveitamento e de certificación de nivel**, debe permitir avaliar en que medida conseguíronse os obxectivos propostos por parte do alumnado, edebe permitir a reflexión sobre a adecuación dos métodos de obtención dos obxectivos, ou sobre a pertinencia dos obxectivos mesmos.

A avaliación final debe levarse a cabo ó finalizar unha determinada fase de aprendizaxe: Unidade didáctica, bloque temático, nivel, etc.

Polo tanto, a avaliación reflectirase da seguinte maneira:

- **Traballo persoal diario:** motivación, interese, participación na clase, concentración, tendencia predominante,...
- **Traballos en grupo:** Traballo en cooperación cos demais: acepta e ofrece apoio; respecto cara as ideas dos demais,...
- **Actitudes cara a materia:** Curiosidade e creatividade; constancia e flexibilidade; reflexión sobre a súas ideas e actuacións, revisando, analizando e explicando.
- **Probos prácticos:** realización de todos os exercicios que traballan os contidos mínimos esixibles, demostrando a súa asimilación.

Os informes de cualificación faranse trimestralmente e resultan do conxunto dos apartados. Ademais cada un deses tres trimestres terá un peso diferente na obtención da cualificación final do curso, do seguinte modo: o 1º trimestre un 20%, o segundo un 30% e o 3 un 50%.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación para a materia de repentización e acompañamento son os que seguen:

A) Traballo de aula e/ou proba trimestral: 70%

B) Hábitos de estudo semanais: 30%

A) CONTIDOS DA PROBA

A proba consistirá en 4 partes:

- ☐ Unha proba de lectura á vista do nivel apropiado.
- ☐ Unha proba de baixo cifrado do nivel adecuado.
- ☐ Unha proba de improvisación nos graos traballados.

- ☐ Unha análise harmónica dunha partitura adecuada ao nivel.

VALORACIÓN DA PROBA

A cualificación será:

- ☐ Lectura á vista: 35%
- ☐ Baixo cifrado: 35%
- ☐ Improvisación: 15%
- ☐ Análise harmónica dunha partitura: 15%

En cada un dos apartados será necesario obter un mínimo de 5 en cada proba.

A cualificación global da proba será unha puntuación de 1 a 10, e aplícanse os criterios de avaliación propios deste curso.

B) Táboa de cotexo para os hábitos de estudo semanais:



Rubrica para a cualificación dos hábitos e actitudes do estudo			
Sobresaínte (9-10)	Notable (7-8)	Ben (5-6)	Insuficiente (1-4)
Amosa unha grande concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudio eficaces. Amosa interese pola materia. Tamén asiste regular e puntualmente a clase.	Amosa interese pola materia. Asiste regular e puntualmente as clases. Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual non emprega os hábitos de estudio completamente eficaces.	Amosa interese pola materia. Non sempre asiste regular e puntualmente as clases. Aínda que amosa concienciación da importancia do traballo individual non emprega os hábitos de estudio completamente eficaces.	Amosa falta de concienciación da importancia do traballo individual e da adquisición e emprego de hábitos e rutinas de estudio eficaces. Non amosa interese pola materia. Non asiste regular e/ou puntualmente ás clases.

A CALIBRACIÓN

Realizarase, ao menos, una proba anual de calibración, onde o profesorado da especialidade acordará previamente o funcionamento da proba, e será comunicado ao alumnado, coa antelación suficiente.

Segundo o artigo 2º das Ordes do 8 de febreiro de 2008 e do 11 de febreiro de 2008 polas que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música e danza, e nos puntos 1.5 e 1.6. da Circular 21/2008 e o proceso PR76CAL (Homoxeneización e calibración), os departamentos determinarán o tipo e partes da ou das probas, así como os valores de referencia asignados as mesmas.

LISTAXE DE COTEXO

- Le á vista partituras tanto de solista como de acompañante, nun nivel equivalente a 3º curso do instrumento de Grao Elemental, abarcando diferentes estilos, texturas (harmónica, contrapuntística, etc.), formas, incluso reducións de partituras vocais e instrumentais de escasa dificultade nas claves propias do acordeón.
- Fai análises melódico-harmónico-rítmico, así como formais de obras de similares características ás do punto anterior.
- Realiza baixos que inclúen acordes de 7ª sen función de dominante e de 9º de dominante en Estado Fundamental e inversións. Emprega a modulación diatónica ecromática a outros tons, así como notas estranas e acordes alterados.
- Improvisa procesos cadenciais de mediana extensión e estruturas harmónicas

básicas en Estado Fundamental e inversións utilizando acordes cuatriadas e con modulacións diatónicas e cromáticas, con fórmulas rítmicas simples en distintos compases introducindo ritmos clásicos, de jazz, lixeiros, danzas, etc.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Os criterios a seguir para a concesión da ampliación de matrícula son os seguintes:

- O alumno/a deberá alcanzar todos os obxectivos do curso antes de finalizar o trimestre. Valorarase o trimestre no que se pretenda realizar a ampliación, tendo en conta o tempo que lle resta para conseguir acadar os obxectivos do seguinte curso.
- Consenso cos restantes profesores que lle imparten as demais materias do curso ao alumno/a que quere ampliar.

6.3.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

Estas medidas están destinados a aqueles alumnos/as que non alcancen os obxectivos mínimos coas técnicas e instrumentos ordinarios de avaliación previstos na presente programación.

Coa nova lei, establécese que o alumnado que obteña a avaliación negativa no mes de maio, poderá presentarse á proba extraordinaria durante os primeiros días de xuño. O profesor seleccionará o material de traballo do alumno/a para realizar no verán de acordo aos contidos da proba, e en función das carencias detectadas.

Esta materia é presencial e na que se realiza unha avaliación continua do alumnado a través dos criterios de avaliación expostos con anterioridade. As faltas de asistencia á clase, non xustificadas polo docente (é decisión do mestre qué faltas son de pertinente xustificación) terán unha valoración de 1 punto, por non superar os contidos propostos para esa clase ou grupo de clases. O alumnado que non asista en reiteradas ocasións ás clases, atoparase coaproblemática da falta de coñecemento da maioría ou totalidade dos contidos do curso.

Ademais isto redundará para o docente nunha Imposibilidade da aplicación axeitada da avaliación continua debido á falta de rexistros. O alumnado que presente máis de 3 faltas ao trimestre faltas ou máis de 9 durante o curso terá dereito a un exame alternativo ó final de curso, no mes de maio, onde será examinadoda parte, ou partes non superadas por mor destas faltas de asistencia. Poderá ter dous casos diferenciados:

- Primeiro caso: No caso de alumnos que asistiron e desenvolveron ao longo do curso parte do traballo do mesmo, valorarase ese traballo, así como a asistencia e o interese amosado, erepresentará o 20% da nota. Así a asistencia e superación das audicións do curso terá un valor máximo dun 30%. O 50% restante da cualificación corresponderá, a realización da proba cun protocolo igual que o da proba extraordinaria de xuño.

- Segundo caso: No caso dos alumnos que non asistiron durante o curso, ou que a súa asistencia e traballo non sexan significativos, terase en conta, única e exclusivamente, a realización dunha proba en maio, cos mesmos mecanismos definidos na proba extraordinariade xuño, e o seu valor máximo será dun 80% do valor total da nota.

PROBAS EXTRAORDINARIAS DE XUÑO

CONTIDOS DA PROBA

Consistirá na realización de 4 exercicios teórico-prácticos:

- ☐ Unha proba de lectura á vista do nivel apropiado.
- ☐ Unha proba de baixo cifrado do nivel adecuado.
- ☐ Unha proba de improvisación nos graos traballados.
- ☐ Unha análise harmónica dunha partitura adecuada ao nivel.

Valoración da proba

A cualificación global da proba será unha puntuación de 1 a 10, e aplícanse os criterios de avaliación propios deste curso, así como o cadro de ponderación que aparece no apartado 6.3.3.

6.3.5 RECURSOS DIDÁCTICOS

- Pizarra: é un instrumento indispensable á hora de dar calquera explicación.
- Libros e partituras:: a maioría deles atópanse na Biblioteca do centro, de acceso tantopara o alumnado como para o profesor.
- Outro material escrito.
 - Ø Fotocopias de partituras, exercicios... elaborados polo profesor.
 - Ø Papel pautado.
- Material manipulable.

Ø Instrumentos:



- Acordeóns
 - o Os propios do alumnado
 - o Do centro:

Ø Atrís.

- Materiais audiovisuais:

Ø Vídeos e DVDs. CD, cadea
musical.

Ø Ordenador

7. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

As actividades de autoevaluación do profesorado e da programación fan referencia a valoración por parte do profesorado do traballo realizado por un mesmo e do desenvolvemento da programación ata agora redactada, tendo en conta se se cumpren as expectativas en canto obxectivos e contidos, e a secuenciación dos mesmos, así como os das actividades realizadas ó longo do curso. Para poder comprobar este funcionamento podemos realizar, ó finalizar cada trimestre ou ó finalizar o curso, un cuestionario onde se inclúan todos os aspectos a ter en conta. Podería ser o seguinte (a modo orientativo):

PROGRAMACIÓN	SI	NON
Considero que a programación prevista levouse a cabo?		
Tiña previstas as dificultades coas que me atopei?		
Para cursos seguintes, hai que engadir novas actividades ou variara secuenciación das mesmas?		
As actividades adáptanse a tipoloxía do alumando?		
Con esta programación, contribúese ó desenvolvemento das competencias básicas e os elementos transversais?		
Cumpríronse os obxectivos, contidos e criterios de avaliación redactados nesta programación?		
Con esta programación, contribúese á educación en valores?		



PROFESORADO	SI	NON
Á hora de desenvolver as clases, tiveron en conta as características do alumnado?	-	-
O desenvolvemento das clases, facilitou a participación do alumnado?	-	-
Motiveinos suficientemente?	-	-
Preparei suficientemente as miñas clases?	-	-
Organiceinas reflexivamente?	-	-
Realicei un seguimento de cada alumno/a como titor?	-	-

CAMBIOS A REALIZAR	



8. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

Para avaliar o funcionamento do departamento, ao final do curso realizarase unha autoevaluación do mesmo seguindo o seguinte cadro:

DEPARTAMENTO	SI	NON
Fixéronse as correspondentes revisións da programación?		
Levou-se a cabo unha reunión de departamento cada mes?		
Programáronse actividades variadas e adecuadas ao alumnado?		
Realizáronse as actividades programadas?		
A relación entre os distintos membros do departamento foi de respecto e entendemento?		
Hai que destacar a implicación de todos os membros no desenvolvemento do curso?		
Toda a documentación está correcta e actualizada?		

9. ANEXOS

9.1 PROBAS DE ACCESO A OUTROS CURSOS

PROBA DE ACCESO A 5º G.P.

CONTIDOS DA PROBA

Consistirá na realización de 4 exercicios teórico-prácticos:

- ☐ Unha proba de lectura á vista do nivel apropiado.
- ☐ Unha proba de baixo cifrado do nivel adecuado.
- ☐ Unha proba de improvisación nos graos traballados.
- ☐ Unha análise harmónica dunha partitura adecuada ao nivel.

VALORACIÓN DA PROBA

A cualificación global da proba será unha puntuación de 1 a 10; esta puntuación fará media (co valor dun 60%) coa nota acadada na proba de Linguaxe Musical, a de Harmonía, a de Conxunto, a de Informática (cun 40%), e facéndose dita ponderación se ambas notas son superiores a 5.

A proba será xulgada por un tribunal integrado por un profesor de cada unha das materias teórico-prácticas e dous profesores, un da especialidade e outro elixido pola xefatura.

O conservatorio publicará convenientemente nos taboleiros informativos as diferentes convocatorias (día, hora, tribunal, etc.) dos aspirantes que deban efectuar a proba.

Unha vez rematada a proba de acceso se levantará a correspondente acta por tribunal, asinada por tódolos membros do mesmo. A dirección do centro procederá , en reunión conxunta cos presidentes dos tribunais, á adxudicación das prazas ofertadas entre aqueles aspirantes que obtiveran un mínimo de cinco puntos na proba. A dirección do centro publicará os listados correspondentes dos aspirantes ordenados por especialidade e puntuación. A adxudicación de prazas non será firme en tanto non se formalice a matrícula.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

REPENTIZACIÓN

- Repentizar con soltura unha partitura dun nivel de dificultade de 2º de acordeón de Grao Elemental como solista ou acompañante.
- Chegar a través do análise á estrutura harmónica interna dunha partitura sinxela para acordeón.
- Ler harmonicamente de forma correcta un fragmento corto para acordeón, previoanálise da súa estrutura harmónica. Para chegar a esta lectura harmónica, o alumnado deberá aprender a eliminar na partitura todo aquilo que non sexa esencial dende o punto de vista desas estruturas.
- Ler de forma correcta e con soltura fragmentos a 2 voces en combinacións de claves.

TRANSPOSICIÓN

- Transportar correctamente e con soltura empregando a técnica tradicional e por transposición harmónica de pezas propias do acordeón.

· CIFRADOS

- Realizar correctamente unha estrutura de 4 ou 8 compases, semicadencial, de cadencia auténtica, de cadencia plagal ou rota, empregando acordes triadas en Estado Fundamental e 1ª inversión.
- Realizar correctamente baixos cifrados de tipo harmónico, barroco ou americano dunha dificultade elemental, incluíndo acordes triadas en Estado Fundamental e 1ª inversión.
- Acompañar con soltura pezas con baixo cifrado.

IMPROVISACIÓN

- Improvisar con soltura a partir de estruturas harmónicas de 4 ou 8 compases, formadas polas tres funcións principais (SD, D, T) utilizando diferentes formulacións rítmicas.
- Superpoñer correctamente a unha estrutura harmónica de 4 ou 8 compases dunha estrutura melódica de acordo cos principios xerais de pregunta- resposta.
- Realizar, cun ritmo básico, dos acordes sinalados na partitura dunha canción de música lixeira, na que so aparezan a melodía e o cifrado americano.

Realizar acompañamentos improvisados a melodías de distinto estilo, empregando acordes sobre os graos principais SD-D-T.

CRITERIOS DE PONDERACIÓN

A cualificación será:

- ☐ Lectura á vista: 30%
- ☐ Baixo cifrado: 30%
- ☐ Improvisación: 20%
- ☐ Análise harmónica dunha partitura: 20%

En cada un dos apartados será necesario obter un mínimo de 5 en cada proba.

A cualificación global da proba será unha puntuación de 1 a 10, e aplícanse os criterios de avaliación propios deste curso.

PROBA DE ACCESO A 6º G.P.

CONTIDOS DA PROBA

Consistirá na realización de 4 exercicios teórico-prácticos:

- ☐ Unha proba de lectura á vista do nivel apropiado.
- ☐ Unha proba de baixo cifrado do nivel adecuado.
- ☐ Unha proba de improvisación nos graos traballados.
- ☐ Unha análise harmónica dunha partitura adecuada ao nivel.

VALORACIÓN DA PROBA

A cualificación global da proba será unha puntuación de 1 a 10; esta puntuación fará media (co valor dun 60%) coa nota acadada na proba de Linguaxe Musical, a de Harmonía, a de Conxunto, a de Informática, a de Historia da Música, a de Acompañamento (cun 40%), e facéndose dita ponderación se ambas notas son superiores a 5.

A proba será xulgada por un tribunal integrado por un profesor de cada unha das materias teórico-prácticas e dous profesores, un da especialidade e outro elixido pola xefatura.

O conservatorio publicará convenientemente nos taboleiros informativos as diferentes convocatorias (día, hora, tribunal, etc.) dos aspirantes que deban efectuar a proba.

Unha vez rematada a proba de acceso se levantará a correspondente acta por tribunal, asinada por tódolos membros do mesmo. A dirección do centro procederá , en reunión conxunta cos presidentes dos tribunais, á adxudicación das prazas ofertadas entre aqueles aspirantes que obtiveran un mínimo de cinco puntos na

proba. A dirección do centro publicará os listados correspondentes dos aspirantes ordenados por especialidade e

puntuación. A adxudicación de prazas non será firme en tanto non se formalice a matrícula.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

REPENTIZACIÓN

- Repentizar con soltura unha partitura dun nivel de dificultade de 3º de acordeón de Grao Elemental como solista ou acompañante.
- Chegar a través da análise á estrutura harmónica interna dunha partitura sencilla para acordeón.
- Ler harmonicamente de forma correcta un fragmento curto para acordeón, previoanálise da súa estrutura harmónica. Para chegar a esta lectura harmónica, o alumnado deberá aprender a eliminar na partitura todo aquilo que non sexa esencial dende o punto de vista desas estruturas.
- Ler de forma correcta e con soltura fragmentos a 2 ou 3 voces en combinacións de claves.

TRANSPOSICIÓN

- Transportar correctamente e con soltura empregando a técnica tradicional e por transposición harmónica de pezas propias do acordeón.
- Ler de forma correcta partituras con instrumentos transpositores en Si b a 2 e máis pentagramas.

CIFRADOS

- Realizar correctamente unha estrutura de 4 ou 8 compases, semicadencial, de cadencia auténtica, de cadencia plagal ou rota, empregando acordes triadas en Estado Fundamental e 1ª inversión.
- Realizar correctamente baixos cifrados de tipo harmónico, barroco ou americano dunha dificultade elemental, incluíndo acordes triadas en Estado Fundamental, 1ª e 2ª inversión, e acordes de 7ª con función de dominante segundo os contidos do curso.
- Acompañar con soltura pezas con baixo cifrado.

IMPROVISACIÓN

- Improvisar con soltura a partir de estruturas harmónicas estudadas durante o curso, de
8 compases, valorando a súa capacidade de combinación con patróns rítmicos diferentes, especialmente aqueles relacionados coa música popular galega.
- Realizar, cun ritmo básico, os acordes sinalados na partitura dunha canción de música lixeira, na que so aparezan a melodía e o cifrado americano, que poderá ter acordes triadas e de 7ª.
- Realizar acompañamentos improvisados a melodías de distinto estilo, de tipo unitonal, ou modulantes a tonalidades veciñas, empregando acordes sobre os graos principais, acordes sobre os graos secundarios, o acorde de 7ª de Dominante, diminuída e de sensible.

CRITERIOS DE PONDERACIÓN

A cualificación será:

- ☐ Lectura á vista: 30%
- ☐ Baixo cifrado: 30%
- ☐ Improvisación: 20%
- ☐ Análise harmónica dunha partitura: 20%

En cada un dos apartados será necesario obter un mínimo de 5 en cada proba.

A cualificación global da proba será unha puntuación de 1 a 10, e aplícanse os criterios de avaliación propios deste curso.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



CMUS
PROFESIONAL
DA CORUÑA